

Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o Concello de Mondoñedo e a empresa Energías Renovables Operación & Mantenimiento, S.L. Unipersonal, para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas

Santiago de Compostela, 01 de xuño de de dous mil dezaioito

REUNIDOS

Dunha parte, don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, en representación desta consellería e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, dona _____, alcaldesa do Concello de Mondoñedo, designada na sesión do pleno da corporación do ____ de _____ de _____, que actúa en nome e representación da citada institución, segundo as competencias que lle outorga o artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

E doutra, dona _____, co DNI nº _____, actuando en nome da empresa "Energías Renovables Operación & Mantenimiento, S.L. Unipersonal", en virtude das facultades outorgadas por escritura pública ante o notario de Madrid, _____, o día ____ de _____ de _____ e o número de protocolo _____. Dona _____ actúa en calidade de apoderada da sociedade "Apoderada General de Service S.A.", que á súa vez está habilitada para actuar en nome da sociedade "Energías Renovables Operación & Mantenimiento, S.L. Unipersonal", en virtude das atribucións concedidas por escritura pública ante o notario de Madrid, o señor _____ fechado o ____ de _____ de _____ e o número de protocolo _____.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas,

EXPOÑEN

1º. Que a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, determina no artigo 39 que a formación profesional no sistema educativo ten por finalidade preparar o alumnado para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación ás modificacións laborais que se poden producir ao longo da súa vida, contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática, e permitir a súa progresión no sistema educativo e no sistema de formación profesional para o emprego, así como a aprendizaxe ao longo da vida.

2º. Que a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, determina no artigo 42 bis que a formación profesional dual do sistema educativo español é o conxunto de accións e iniciativas formativas que, en corresponsabilidade coas empresas, teñen por obxecto a cualificación profesional das persoas, harmonizando os procesos de ensino e aprendizaxe entre os centros educativos e os centros de traballo.

3º. Que a Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, especifica nos artigos 6 e 11.3 que a colaboración das empresas no desenvolvemento do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional se desenvolverá, entre outros ámbitos, mediante a súa participación na formación do alumnado nos centros de traballo, favorecendo a realización de prácticas profesionais dos alumnos e das alumnas nas empresas e noutras entidades, e deberán establecerse os mecanismos axeitados para que a formación que reciba financiamento público poida ofrecerse por centros ou directamente polas empresas, mediante concertos, convenios, subvencións ou outros procedementos.

4º. Que a disposición adicional segunda do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, determina que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración coas empresas e entidades empresariais e, en particular, coas máis implicadas en sectores clave da economía galega

e as relacionadas cos sectores emerxentes. Esta colaboración ten como finalidade, entre outras, a posibilidade de impartir módulos profesionais incluídos en títulos de formación profesional nas instalacións das empresas, co fin de garantir que a formación se realice cos equipamentos máis actuais, así como a actualización profesional. Esta colaboración formalizarase mediante convenio.

5º. Que o Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual, pretende crear as bases para a implantación progresiva da formación profesional dual en España, entendida como o conxunto de accións e iniciativas formativas que teñen por obxecto a cualificación profesional das persoas, combinando os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro de formación, propiciando unha participación máis activa da empresa no propio proceso formativo do alumnado e, daquela, permitir que estas coñezan de xeito máis próximo a formación que reciben, cada vez máis adaptada ás demandas dos sectores produtivos e ás necesidades específicas das empresas. Neste sentido, a empresa e o centro de formación profesional estreitan os seus vínculos, unen esforzos e favorecen unha maior inserción do alumnado no mundo laboral durante o período de formación.

Así mesmo, establece que terán a consideración de formación profesional dual os proxectos desenvolvidos no ámbito do sistema educativo, coa coparticipación dos centros educativos e das empresas, cando non medie un contrato para a formación e a aprendizaxe. Estes proxectos formalizaranse a través dun convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a empresa colaboradora.

6º. Que o Concello de Mondoñedo consciente da importancia que o sector das enerxías renovables ten na súa contorna, e da necesidade de contar con persoal cualificado que desenvolva a actividade profesional no concello, manifesta a súa disposición a facilitar e favorecer a formación do alumnado que estea a realizar o ciclo formativo de grao superior de técnico superior en Enerxías Renovables.

7º. Que a empresa Energías Renovables Operación & Mantenimiento, S.L. Unipersonal está disposta a participar no proxecto de implantación da formación profesional dual en Galicia, acoñéndose á modalidade regulada no artigo 3.1, alínea b), do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, na que as empresas facilitan aos centros de formación os espazos, as instalacións ou as persoas expertas para impartir total ou parcialmente determinados módulos profesionais ou módulos formativos.

O alumnado participante será beneficiario de bolsas, non terá en ningún caso vinculación laboral coa empresa nin co Concello de Mondoñedo e non poderá establecerse ningunha relación contractual, nin sequera baixo as modalidades de contrato en prácticas ou para a formación e a aprendizaxe, previsto no artigo 11 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, polo que o alumnado acollido a este réxime de bolsas queda absolutamente excluído da lexislación laboral.

8º. Que o obxecto do presente convenio é establecer as condicións de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o Concello de Mondoñedo, e a empresa Energías Renovables Operación & Mantenimiento, S.L. Unipersonal para a implantación dun proxecto experimental de formación profesional dual na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta formación profesional dual combinará os procesos de ensino e aprendizaxe nas instalacións da empresa Energías Renovables Operación & Mantenimiento, S.L. Unipersonal e nas instalacións cedidas polo Concello de Mondoñedo para que a empresa e o CIFP As Mercedes poidan desenvolver o proxecto.

En consecuencia, estes organismos acordan subscribir este convenio, con base nas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. O proxecto de formación profesional dual deste convenio, que ten carácter experimental, ten as seguintes características:

- a. Toma como referencia o currículo oficial implantado na Comunidade Autónoma de Galicia, neste caso concreto o establecido no Decreto 161/2012, do 12 de xullo, polo que se establece o título do ciclo formativo de grao superior de técnico superior en Enerxías Renovables.
- b. Terá como duración desde o 15 de setembro de 2018 ata o 31 de agosto de 2020.
- c. A formación impartirase de xeito compartido entre o centro educativo e a empresa asinante, garantindo a adquisición dos resultados de aprendizaxe establecidos no currículo do ciclo formativo correspondente e a obtención do título de técnico superior.
- d. Ademais, atendendo ás características da empresa, o primeiro ano de vixencia deste proxecto dedicárase un 10 % do tempo de estadía do alumnado na empresa á formación complementaria á establecida nos currículos dos ciclos formativos correspondentes, para reforzar a formación do alumnado e mellorar a súa empregabilidade. No segundo ano, esta porcentaxe será do 5 %.

Segunda. O Concello de Mondoñedo comprométese a ceder gratuitamente o uso das instalacións necesarias para o desenvolvemento da actividade formativa inherente aos módulos profesionais do ciclo formativo de grao superior de técnico superior en Enerxías Renovables que se detallan en cor vermella no plano recollido no apartado 1.2 do anexo a este convenio. Concretamente trátase da Nave 5 situada na estrada A Lorenzana s/n, Barrio de San Lázaro, Mondoñedo. A nave ten unha capacidade de 308,10 m².

Terceira. A empresa Energías Renovables Operación & Mantenimiento, S.L. Unipersonal, comprométese a dotar as instalacións cedidas polo concello de Mondoñedo, con equipamento específico para o desenvolvemento da formación dos módulos profesionais do ciclo formativo de grao superior de técnico superior en Enerxías Renovables que se desenvolvan nesas instalacións.

Cuarta. As concrecións deste proxecto experimental de formación profesional dual para o ciclo formativo de Enerxías Renovables (distribución da formación curricular do ciclo formativo e temporalización dos módulos profesionais) están recollidas no anexo deste convenio.

Quinta. A empresa Energías Renovables Operación & Mantenimiento, S.L. Unipersonal comprométese a acoller un mínimo de 15 alumnos e alumnas, para este proxecto experimental de formación profesional dual. Este alumnado deberá cumprir os requisitos de admisión establecidos na orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que autorice este proxecto experimental de formación profesional dual.

A empresa Energías Renovables Operación & Mantenimiento, S.L. Unipersonal colaborará coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria na selección do alumnado solicitante que cumpra os requisitos de admisión. Para tal fin, poderán realizarse entrevistas psicoprofesionais que permitan identificar a idoneidade dos/das candidatos/as en relación co perfil profesional que adquirirá o alumnado na empresa ao longo do proxecto. A empresa comunicará ao alumnado os criterios e os procedementos utilizados na selección con anterioridade á súa realización.

Estas actuacións serán realizadas por persoal da empresa xunto cunha persoa representante do centro educativo, de xeito que a selección garanta cubrir o número mínimo de prazas que a empresa se compromete a acoller nas súas instalacións.

Sexta. A empresa Energías Renovables Operación & Mantenimiento, S.L. Unipersonal comprométese a financiar o proxecto de formación regulado neste convenio, mediante o establecemento dun sistema de bolsas dirixido ao alumnado participante.

Este réxime de bolsas estará suxeito ás seguintes especificidades:

- a. A empresa Energías Renovables Operación & Mantenimiento, S.L. Unipersonal achegará a cada alumno ou alumna, en períodos mensuais con carácter irrevogable, unha bolsa por importe mínimo de 735,90 euros, durante os meses nos que a actividade formativa e profesionalizadora se realice integramente na empresa. Tomando como referencia este importe, o resto dos meses o importe calcularase de xeito proporcional ao tempo que o alumno ou alumna dedique á actividade profesionalizadora nas empresas.
- b. Os alumnos e as alumnas participantes no proxecto de formación obxecto deste convenio serán incorporados ao réxime xeral da Seguridade Social, nos termos e condicións establecidos no Real Decreto 1493/2011, de 24 de outubro. A conseguinte afiliación e/ou alta, así como a baixa no devandito réxime, produciranse a partir da data de inicio e na de cesamento do programa de formación, nos termos, nos prazos e cos efectos establecidos no regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro.
- c. Para a efectividade do réxime de bolsas, a empresa colaboradora e as persoas bolseiras deberán cumprir sempre os requisitos establecidos na normativa que regula os proxectos de formación profesional dual e neste convenio.

Sétima. O alumnado adquirirá formación no centro educativo durante os dous primeiros trimestres de cada un dos cursos de duración do proxecto formativo, no horario lectivo que se estableza. Para estes efectos as instalacións cedidas polo Concello de Mondoñedo terán a consideración de centro educativo.

Oitava. A estadía do alumnado na empresa estenderase ao longo do segundo e o terceiro trimestres de cada un dos cursos de duración do proxecto. Durante o período formativo na empresa, o horario da actividade formativa e profesionalizadora deberá desenvolverse dentro do marco temporal do horario laboral da empresa, reservándose unha mañá ou unha tarde cada quincena para a recepción do alumnado no centro educativo por parte do titor ou da titora, na que se realizarán actividades de seguimento, asesoramento e apoio.

Novena. O alumnado deste proxecto disporá dun mínimo de trinta días naturais de vacacións por curso. Para estes efectos computaranse, por unha parte, as vacacións escolares, establecidas para cada curso no correspondente calendario escolar, das que o alumnado se beneficie durante a súa estadía no centro educativo, e, por outra parte, os días restantes ata completar cando menos o mínimo establecido, que determinará a empresa no período de estadía do alumnado na empresa.

Décima. Consonte o artigo 30.5 do Real decreto 1592/2012, do 8 de novembro, a actividade formativa na empresa e no centro educativo coordinarase mediante reunións mensuais de control nas que se fará seguimento do alumnado.

A empresa Energías Renovables Operación & Mantenimiento, S.L. Unipersonal nomeará unha persoa como titor ou titora do alumno ou da alumna, que será responsable do seguimento da actividade formativa, da coordinación da actividade profesionalizadora coa actividade formativa e da comunicación co centro de formación.

Así mesmo, o centro formativo designará un profesor ou unha profesora, ou formador ou formadora, como titor ou titora responsables da programación e do seguimento da formación, así como da coordinación da avaliación co profesorado e/ou os titores e as titoras que interveñen. Así mesmo, esta persoa será a interlocutora coa empresa para o desenvolvemento do proxecto.

Décimo primeira. As instalacións cedidas polo concello de Mondoñedo poderán ser obxecto de utilización pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a realización de actividades formativas que melloren as competencias profesionais do alumnado matriculado en ciclos formativos de centros da comunidade autónoma de Galicia vinculados ó sector das enerxías renovables. Tamén poderán ser utilizadas para a realización de visitas de alumnado coa finalidade de dar difusión ó sector da enerxías renovables e as súas necesidades de cualificación. Estas actividades en ningún caso poderán coincidir co horario que se estableza para a formación do alumnado do ciclo formativo de grao superior de técnico superior en Enerxías Renovables.

Décimo segunda. Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión, que se reunirá cando o considere oportuno calquera das partes asinantes. Esta comisión estará constituída polos seguintes membros:

En representación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria:

- A persoa titular da Subdirección Xeral de Formación Profesional ou persoa en quen delegue.
- A persoa titular da dirección do CIFP As Mercedes.
- O profesor titor ou a profesora titora do centro educativo.

Unha persoa en representación do Concello de Mondoñedo.

Dúas persoas representantes da empresa Energías Renovables Operación & Mantenimiento, S.L. Unipersonal.

Un funcionario ou unha funcionaria da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria actuará como secretario ou secretaria.

Décimo terceira. O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata a finalización do proxecto.

Décimo cuarta. Este convenio extinguirase pola finalización do tempo convindo e poderase resolver por calquera das partes, mediante denuncia dalgunha delas, que se lle deberá comunicar á outra cunha antelación mínima de quince días, baseada nalgunha das seguintes causas:

- a. Cesamento das actividades do centro docente ou da empresa.
- b. Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.
- c. Incumprimento das cláusulas establecidas neste convenio.
- d. Mutuo acordo entre o centro docente e a empresa.

Décimo quinta. A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso da persoa interesada á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 9/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décimo sexta. Este convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e das materias sobre as que versa, as cales, ao abeiro do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que xurdiren na súa aplicación e non puideren ser solucionadas no seo da comisión de seguimento, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e co Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento que desenvolve a citada lei orgánica, nin o alumnado nin a empresa que por razón das actividades formativas teñan acceso a datos de carácter persoal disporán destes con finalidade distinta á esixida polas accións formativas.

Lido este convenio, atópano conforme e asínano no lugar e na data indicados.

**O conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria**

A alcaldesa do Concello de Mondoñedo

Asdo.: Román Rodríguez González

Asdo.: _____

**A apoderada da empresa Energías
Renovables Operación & Mantenimiento
S.L. Unipersonal.**

Asdo.: _____

1. ANEXO

1.1 Distribución da formación curricular do ciclo formativo

Duración do proxecto			Curso 2018-2019	Curso 2019-2020	FCT + Proxecto
Formación curricular	Centro educativo	Formación no centro educativo (54 %)	688 h	382 h	-
	Empresa	Formación na empresa (46 %)	272 h	248 h	410 h
Total			2.000 h		

FCT: formación en centros de traballo.

1.1.1 Temporalización dos módulos profesionais

1.1.1.1 Curso 2018-2019

Planificación

Curso 2018-2019												
set.	out.	nov.	dec.	xan.	feb.	mar.	abr.	maio	xuño	xullo	ago.	set.
Formación no centro educativo							Actividade profesionalizadora / formación na empresa					

Organización dos módulos profesionais

Código	Módulo	Horas totais módulo	FCE	FEM
MP0668	Sistemas eléctricos en centrais (*)	160	130	30
MP0669	Subestacións eléctricas (*)	187	30	157
MP0670	Telecontrol e automatismos (*)	187	137	50
MP0671	Prevención de riscos eléctricos (*)	52	17	35
MP0680	Sistemas de enerxías renovables	160	160	0
MP0681	Configuración de instalacións solares fotovoltaicas	107	107	0
MP0687	Formación e orientación laboral	107	107	0
TOTAL		960	688	272

(*) A actividade formativa de centro educativo (FCE) desenvolverase nas instalacións cedidas polo Concello de Mondoñedo

1.1.2 Curso 2019-2020

1.1.2.1 Planificación

Curso 2019-2020												
set.	out.	nov.	dec.	xan.	feb.	mar.	abr.	maio	xuño	xullo	ago.	set.
Formación no centro educativo				Actividade profesionalizadora / formación na empresa								

1.1.2.2 Organización dos módulos profesionais

Código	Módulo	Horas totais módulo	FCE	FEM
MP0682	Xestión da montaxe de instalacións solares fotovoltaicas	192	192	0
MP0683	Xestión da montaxe de parques eólicos (*)	192	117	75
MP0684	Operación e mantemento de parques eólicos (*)	193	20	173
MP0688	Empresa e iniciativa emprendedora	53	53	0
TOTAL		630	382	248

(*) A actividade formativa de centro educativo (FCE) desenvolverase nas instalacións cedidas polo Concello de Mondoñedo.

1.2 Adquisición, por parte do alumnado, de cualificacións e unidades de competencia

Cualificacións profesionais completas

■ Xestión da montaxe e mantemento de parques eólicos, ENA 193_3 (Real decreto 1228/2006, do 27 de outubro) que abrangue as seguintes unidades de competencia:
– UC0615_3: desenvolver proxectos de montaxe de instalacións de enerxía eólica.
– UC0616_3: xestionar a posta en servizo e a operación de instalacións de enerxía eólica.
– UC0617_3: xestionar o mantemento de instalacións de enerxía eólica.
– UC0618_2: previr riscos profesionais e actuar en casos de emerxencia en parques eólicos.
– UC0619_2: montar e manter instalacións de enerxía eólica.
■ Organización e proxectos de instalacións solares fotovoltaicas, ENA 263_3 (Real decreto 1114/2007, do 24 de agosto), que abrangue as seguintes unidades de competencia:
– UC0842_3: determinar a viabilidade de proxectos de instalacións solares.
– UC0843_3: desenvolver proxectos de instalacións solares fotovoltaicas.
– UC0844_3: organizar e controlar a montaxe de instalacións solares fotovoltaicas.
– UC0845_3: organizar e controlar o mantemento de instalacións solares fotovoltaicas.
■ Xestión da montaxe, a operación e o mantemento de subestacións eléctricas, ENA 474_3 (Real decreto 716/2010, do 28 de maio), que abrangue as seguintes unidades de competencia:
– UC1531_3: xestionar e supervisar a montaxe de subestacións eléctricas.
– UC1532_3: xestionar e supervisar a operación e o mantemento de subestacións eléctricas.
– UC1533_2: operar localmente e realizar o mantemento de primeiro nivel en subestacións eléctricas.
– UC1530_2: previr riscos en instalacións eléctricas de alta tensión.